

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 30 DE DECEMBRO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trinta de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día 16 de decembro de 2021, aprobou o expediente de contratación núm. 2021/C005/000016, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación (de apreciación automática), da *"Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas), co obxecto de que puidera estar adxudicado antes de finalizar o ano 2021, isto tendo en conta a aplicación orzamentaria coa que conta para o seu financiamento.*

Consta proposta de adxudicación da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de decembro de 2021.

Así mesmo, remitiuse a Alcaldía municipal a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos para a adxudicación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000018, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente ao *"Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023".*

Por último, tendo en conta as datas de sinatura das actas de recepción dos traballos realizados na anualidade 2021, tanto no caso do contrato do *"Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre"* (expediente 2021/C004/000002), como no caso do

contrato do "Servizo de acondicionamento da contorna do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023" (expediente 2021/C004/000008), procede acordar a súa prórroga á maior brevidade posible, co fin de dar cumprimento aos prazos establecidos nos respectivos pregos para a adopción destes acordos.

Visto o disposto no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal:

"a) Entre a convocatoria e a realización da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, agás no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros."

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Proposta de adxudicación dos dous lotes integrantes do contrato para a "Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas), a prol do licitador M. Caeiro, S.A.. Expediente 2021/C005/000016

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co nº 2021/C005/000016, na plataforma TEdC, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado con pluralidade de criterios de apreciación automática, da "Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas)", cun orzamento base de licitación de 40.484,00 euros sen IVE, 48.985,64 IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que consta no informe técnico do enxeñeiro municipal de camiños, xefe da sección de servizos, de data 28 de decembro de 2021, respecto da oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada coa mesma data pola unidade técnica designada para o presente expediente, a prol do licitador "M. CAEIRO S.A.", por ser a única entidade licitadora, que cumpre coas características mínimas establecidas no anexo V do PCAP e cuxa oferta non excede do prezo base de licitación nin se atopa incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, ofrecendo, ademais, as seguintes melloras:

- Lote 1, Vehículo M1, turismo 4/5 prazas:
 - Subministración de cargador mural (punto de carga), conexión bluetooth, carga rápida.
 - Axuda ao aparcamento traseiro con cámara.
- Lote 2, Vehículo N1, furgoneta 5 prazas:
 - Enganche para remolque e kit de conexión eléctrico.
 - Barras de baca en teito.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, este achegou, debidamente e en prazo, a documentación requirida.

Visto o informe emitido pola tesoureira municipal onde se indica que o licitador non ten débedas pendentes co Concello de Cambre, nin na data actual nin na de presentación de ofertas (27/12/2021).

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental e o interventor municipal con data de 29 de decembro de 2021.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co establecido no acordo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 28 de decembro de 2021, admitir a oferta presentada por “M. CAEIRO S.A.”, por ter presentado o sobre ou arquivo electrónico C, subtítulo “Documentación administrativa e oferta económica” coas condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 14 e 15 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, achegando a declaración responsable e a proposición, conforme aos modelos establecidos nos Anexos II e III do PCAP.

Segundo: De conformidade co establecido no acordo adoptado pola unidade técnica de asistencia con data de 28 de decembro de 2021, aprobar a seguinte valoración das ofertas admitidas en cada un dos lotes:

- Lote 1, Vehículo M1, turismo 4/5 prazas: 88 puntos.
 - Oferta máis vantaxosa: 75 puntos.
 - Melloras do vehículo: 13 puntos.
 - Aumento do prazo de garantía: 0 puntos.
- Lote 2, Vehículo N1, furgoneta 5 prazas: 80 puntos.
 - Oferta máis vantaxosa: 75 puntos.
 - Melloras del vehículo: 5 puntos.
 - Aumento do prazo de garantía: 0 puntos.

Terceiro: Adxudicar o contrato de “**Subministración de dous vehículos novos 100% eléctricos tipo M1 (turismo 4/5 prazas) e N1 (furgoneta 5 prazas)**” (expediente TEdC 2021/C005/000016), a prol da empresa “M. CAEIRO S.A.”, CIF A15018146, no prezo total ofertado de 40.366,98 € sen IVE, 48.844,05 € IVE incluído, segundo a seguinte desagregación:

- Lote 1, Vehículo M1, turismo 4/5 prazas (**RENAULT TWINGO; número de bastidor VF1AH000968565983**), no prezo total ofertado de 17.131,19 € sen IVE, 20.728,74 € IVE incluído.
- Lote 2, Vehículo N1, furgoneta 5 prazas (**RENAULT KANGOO EXPRESS Z.E.; número de bastidor VF1FW000564594433**), no prezo total ofertado de 23.235,79 € sen IVE, 28.115,31 € IVE incluído.

Isto, por ser a única entidade licitadora, que cumpre coas características mínimas establecidas no anexo V do PCAP e cuxa oferta non excede do prezo basee de licitación nin se atopa incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, ofrecendo, ademais, as seguintes melloras:

- Lote 1, Vehículo M1, turismo 4/5 prazas:

- Subministración de cargador mural (punto de carga), conexión bluetooth, carga rápida.
- Axuda ao aparcamento traseiro con cámara.

- Lote 2, Vehículo N1, furgoneta 5 prazas:

- Enganche para remolque e kit de conexión eléctrico.
- Barras de baca en teito.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, o presente contrato entenderase formalizado mediante a sinatura de aceptación polo contratista adxudicatario do presente acordo de adxudicación, no prazo de 10 días hábiles seguintes á notificación.

Quinto: De conformidade coa cláusula 19 do Prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, designar responsable do contrato á enxeñeira técnica municipal de obras públicas, dona Elena Bartolomé Delanöe, a quen corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notifíquese ao responsable do contrato, á responsable de Contratación e máis ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3º.- Proposta de adxudicación do servizo de "Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023", a prol do licitador "Animación e Eventos, S.L.", no prezo ofertado de 51.030,72 € sen IVE (61.640,80 € IVE incluído). Expediente número 2021/C005/000018

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto o expediente de contratación incoado co núm. 2021/C005/000018 para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de “Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023”, cun orzamento base de licitación de 62.370,89 € IVE incluído, 51.546,19 € sen IVE.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que constan na acta da Mesa de Contratación de datas 20 e 21 de decembro de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, na data de 21 de decembro, a prol do licitador “Animación e Eventos, S.L.”, no prezo ofertado de 51.030,72 € sen IVE, 61.640,80 € IVE incluído, sen que a súa oferta se atope incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado á empresa proposta como adxudicataria o prazo de sete días hábiles para que presentase a documentación previa á adxudicación contemplada na cláusula 17 do PCAP, atendeu o requirimento con data de 29 de decembro de 2021.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data de 29 de decembro de 2021 no que se conclúe: “*analizada a documentación que obra no expediente, queda acreditada a solvencia técnica xa que presentan certificados de servizos realizados nos tres últimos anos por importes superior ao establecido, así como solvencia económica e financeira, á vista das contas do ano 2019, xunto ca disposición de medios persoais e materiais segundo as declaracións presentadas pola entidade Animación e Eventos, S.L.*”.

Visto o informe emitido pola tesoureira municipal, con data do 29 de decembro de 2021, do que se deriva que non existen débedas pendentes co Concello de Cambre, nin na actualidade nin na data de presentación de ofertas (16/12/2021).

Visto o xustificante de ter depositado a garantía definitiva na Tesourería Municipal por importe de 2.551,53 €, correspondente ao 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE.

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental e o interventor municipal con data de 29 de decembro actual do que se deriva que consta a documentación xustificativa de atoparse ao corrente coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Axencia Tributaria do Estado, tanto na data de presentación de ofertas como na data actual, así como a declaración de alta no epígrafe do IAE “965.4 – empresas de espectáculos” no actual exercicio do 2021 e declaración responsable de non terse dado de baixa.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data 17 de decembro de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 13 e 14 do prego de cláusulas administrativas particulares e achegar debidamente cuberta a declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.A de o mesmo:

- Animación e Eventos, S.L.
- Axiña Servizos Deportivos, S.L.

Segundo: Aprobar, de acordo co informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, ratificado pola Mesa de Contratación con data 20 de decembro de 2021, a seguinte puntuación outorgada ás empresas licitadoras, correspondente aos criterios de valoración que constan no prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 12.b) e c) Criterios valorables mediante xuízo de valor):

Animación y Eventos S.L.		Puntos
<p>Características de los tronos <u>Estética tronos y la descripción de todos los elementos del conjunto (máx. 5 puntos)</u> Criterios puntuación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad y estética de los tronos (2,5 puntos). - Materiales- colores (0,25 puntos), - Origen y tradición (0,25 puntos) <p><u>Descripción de los elementos del conjunto (2 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad,originalidad de la decoración de los elementos del conjunto (1,5 punto) - Origen y tradición (0,5 punto) 	<p>Criterios puntuación. Estética de los tronos ofertados incrementado los requisitos mínimos del pliego (3 puntos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad y estética de los tronos (2,5 puntos). - materiales- colores (0,25 puntos), - origen y tradición (0,25 puntos) <p>Total puntos subapartado 3 puntos</p> <p>Descripción de licitador: <i>"Un xogo está composto por 2 tronos de madeira pintada de torrada de grande tamaño, e o outro por dous sillóns tapizados con grande luxo. Ambos sets complementanse cun exótico diván que actúa como terceiro e maxestuoso asento, segundo a tradición e costumes dos diferentes partes do mundo das que provén cada Rei Mago. Os dous xogos colocaranse sobre moqueta e rodeados de unha decoración e ambientación axeitada. Todo elo presidido polo maxestuoso e enorme trono de madeira e tapicería en cores marrón, dourado e burdeos, cos seus apoia-pes. No caso de Baltasar, trátase dun delicado e exótico Diván. No segundo xogo de tronos, serán fastuosos sillóns-trono tapizados en cor vermello ou burdeos e estrutura dourada."</i></p> <p><u>Criterios de puntuación</u> <u>Descripción de los elementos del conjunto (2 puntos):</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad, originalidad de la decoración de los elementos del conjunto (1,5 puntos) - Origen y tradición (0,5 puntos) <p>Total subapartado 2 puntos</p> <p>Descripción de licitador: <i>"A decoración complementaria consiste en telas, cortinaxes, coxíns e otros elementos como mesiñas, xarróns, xogos de té, pipas orientáis,etc., que recrean o espazo de descanso das Súas Maxestades, nas típicas xaimas orientáis. Como unha auténtica xaima oriental nun oasis do deserto, este escenario é un delicado e fastuoso decorado digno das Mil e unha Noites do Lonxano Oriente. Tamén empregaremos luces led de cores de forma indirecta para resaltar la decoración."</i></p> <p>El licitador ofrece detalle y variedad en relación al suministro y calidad de los tronos, así como variedad, originalidad en la descripción de todos los elementos del conjunto, acompañado de varias fotografías donde se aprecia con detalle las características de los tronos y su conjunto.</p> <p>Oferta una recepción real con tronos adaptados a cada Rey Mago según origen y tradición.</p>	5.0
<p><u>Ambientación recepción pabellón (máx. 3 puntos)</u></p> <p>Criterios puntuación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Originalidad (1 punto) 	<p><u>Ambientación recepción pabellón (máx. 3 puntos)</u></p> <p>Criterios puntuación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Originalidad (1 punto) 	

<ul style="list-style-type: none"> - Ambientación - decoración, recepción real individualizada- vistosidad (2 puntos) 	<ul style="list-style-type: none"> - Ambientación-decoración,recepción real individualizada – vistosidad (2 puntos) <p>Total 3 puntos</p> <p>Descripción de licitador: "Dentro de pérgolas e xaimas plegables de 3x3m de 4 augas, cada unha nunha color diferente para cada rei (por exemplo vermella, azul, verde, amarelo), atópase este rincón máxico no que as Suas Maxestades os Reis Magos... Os decorados constan de chan enmoquetado en tono dorado ou burdeos, de cortinas de diferentes tonalidades para cubrir traseiras e laterais das xaimas, baúles para cartas ou agasallos, grandes copas para caramelos, faroles con velas (apagadas), coxíns de cores variadas, e adornos variados como xadrez, xogo de té árabe, pratos con dátiles, pasas e almendras, etc. que servirán para acadar unha auténtica ambientación das xaimas de oriente."</p> <p>El licitador realiza una detallada y original descripción; medidas, colores, adornos,etc de la ambientación superando ampliamente lo mínimos marcados en el pliego técnico.</p> <p>La exposición realizada en la oferta en relación a la ambientación de los pabellones para la recepción real está inspirada en el origen de los Reyes de Oriente tal y como refiere el pliego técnico. Acompaña varias fotografías del montaje/ambientación recepción en su conjunto.</p> <p>Oferta una recepción real individualizada con su propia ambientación adaptada a cada Rey Mago.</p>	<p>3.0</p>
<p>Formación específica del director de animación (máx. 16 puntos)</p>	<p>Presenta c.v. con la relación de los cursos pero <u>no adjunta la documentación, títulos acreditativos.</u></p>	<p>0,00</p>
Total		8 puntos

Axiña Servicios Deportivos S.L.		Puntos
<p>Características de los tronos</p> <p><u>Estética tronos y la descriiption de todos los elementos del conjunto (máx. 5 puntos)</u></p> <p>Criterios puntuación</p> <p><u>Estética de los tronos ofertados incrementado los requisitos mínimos del pliego (3 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad y estética de los tronos (2,5 puntos). - Materiales- colores (0,25 puntos), - Origen y tradición (0,25 puntos) <p><u>Descripción de los elementos del conjunto (2 puntos)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad,originalidad de la decoracion de los elementos del conjunto (1,5 puntos) - Origen y tradición (0,5 punto) 	<p>Estética de los tronos ofertados incrementado los requisitos mínimos del pliego (3 puntos)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad y estética de los tronos (0,45 puntos). - materiales- colores (0,25 puntos), - origen y tradición (0,10 puntos) <p>Total puntos subapartado 0,80 puntos</p> <p><i>Descripción del licitador:</i> "Las sillas, están pintadas en color dorado. La parte tapizada, está realizada en tela de color rojo intenso y rellena de placa soft y guata, lo que hace que se acople al contorno del cuerpo y que al levantarse vuelva a la posición inicial. Cada trono está resaltado por una corona pintada en tonos dorados, a conjunto con la silla."</p> <p>El licitador apenas aporta valor a los mínimos marcados en el pligo técnico en relación a variedad y características de los tronos.</p> <p><u>Criterios de puntuación</u></p> <p><u>Descripción de los elementos del conjunto (2 puntos):</u></p> <ul style="list-style-type: none"> - Variedad,originalidad de la decoracion de los elementos del conjunto (0,10 puntos) - Origen y tradición (0,10 puntos) <p>Total puntos subapartado 0,20 puntos</p> <p><i>Descripción del licitador</i></p>	<p>1,00</p>

<p><u>Ambientación recepción pabellón (máx. 3 puntos)</u></p> <p>Criterios puntuación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Originalidad (1 punto) <p>Ambientación,decoración, recepción real individualizada-vistosidad (2 puntos)</p>	<p>“Al lado de cada una de las sillas, se colocarán varios cojines, para un estilo de jaima a la zona de la recepción real. Además, instalaremos 1 buzón que será colocado en uno de los laterales, de manera que no interfiera en la organización de la recepción de los Reyes.”</p> <p>- El licitador oferta una recepción real conjunta para los tres Reyes Magos con idéntica decoración, sin aportar variedad,originalidad, similar a la recepción real clásica sin apenas elementos decorativos relacionados con el origen de oriente. Siendo difusa y muy escasa la descripción de los elementos del conjunto.</p> <p>Acompaña un único boceto para la estética de los tronos,descripción del conjunto y ambientación.</p>	
	<p><u>Ambientación recepción pabellón (máx. 3 puntos)</u></p> <p>Criterios puntuación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Originalidad (0,00 puntos) - Ambientación – decoración - recepción real individualizada-vistosidad (0,00 puntos) <p>Total 0,0 puntos</p> <p>El licitador no aporta valor a los mínimos marcados en el pliego técnico en relación a la ambientación referida en el pliego.</p> <p>- La recepción real es conjunta para los tres Reyes Magos, similar a la recepción real clásica. Carece de vistosidad.</p> <p><u>El conjunto de la ambientación de las recepciones reales en los pabellones está prácticamente subsumida bajo la estética de los tronos anteriormente descrita. No existe una ambientación/decoración en los pabellones tal como refiere el pliego técnico.</u></p> <p>Acompaña un único y mismo boceto para la estética de los tronos,descripción del conjunto y ambientación</p>	<p>0,00</p>
<p><u>Formación específica del director de animación (máx. 16 puntos)</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - <u>Licenciatura E.F. – 0,00 puntos</u> (No relación con formación específica. No se ajusta a PCAP) - <u>Curso aptitude pedagógica – 0,00 puntos</u> (No relación con formación específica. No se ajusta a PCAP) - <u>Seminario Técnicas básicas circo (universidad Coruña) – 0,5 puntos</u> - <u>Curso “zirko eskola” Oreka – 0 puntos</u> (no define especialidad, es un informe finalización 2º ciclo de curso anual. Falta sello de la entidad. No se ajusta a PCAP) - <u>International Clownschoool – 0,5 puntos</u> - <u>Seminario improvisación metodología de la construcción – 0,00 puntos</u> (No consta entidad que emite certificado asistencia al seminario.) - <u>Le Hangar des Mines (clown) – 0,5 puntos</u> - <u>Curso regular de clown – 0,5 puntos</u> - <u>Curso la expresión del clown – 0,5 puntos</u> - <u>Escuela de circo criollo – 0 puntos</u> (informe de prácticas de materias cursadas. No se ajusta al PCAP) - <u>Profesora invitada impartición seminario “ Iniciación técnicas aéreas del circo” Universidad de la Coruña. 0,5 puntos</u> 	<p>3,00</p>
	<p>Total</p>	<p>4,00 pts</p>

Terceiro: Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación de data 21 de decembro de 2021, a seguinte puntuación correspondente á oferta económica (único criterio avaliable de forma automática), así como os

cálculos para a determinación das ofertas que se presumen anormalmente baixas, que queda establecido en 44.034 € (IVE excluído):

Empresa	Oferta € (sen IVE)	Puntuación
Animación e Eventos, S.L.	51.030,72 €	76,00
Axiña Servizos Deportivos, S.L.	51.524,99 €	75,27

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a puntuación global, obtida polas empresas licitadoras, tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares:

	Criterios subxectivos mediante xuízo de valor	Criterios avaliados de forma automática	TOTAL
Animación e Eventos, S.L.	8	76,00	84,00
Axiña Servizos Deportivos, S.L.	4	75,27	79,27

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 21 de decembro de 2021, adxudicar o expediente núm. 2021/C005/000018, correspondente ao servizo de "Desenvolvemento da Cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2022, prorrogable ao 2023", a prol da empresa, "Animación e Eventos, S.L.", no prezo ofertado de **51.030,72 € sen IVE (61.640,80 €, IVE incluído)**, por obter a maior puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse a oferta incurso en presunción de oferta anormalmente baixa, e ter presentado no prazo outorgado a documentación requirida na súa cláusula 17.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

Con **carácter previo á formalización do contrato**, de conformidade coa cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares e cláusula segunda, punto 9, do prego de prescricións técnicas particulares, a empresa adxudicataria deberá achegar a seguinte documentación:

- Copia dun Seguro de Responsabilidade Civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato, coas coberturas de Responsabilidade Civil da actividade obxecto do contrato e a Responsabilidade Patronal, cunha contía mínima de 600.000 € por sinistro e un sublímite mínimo de 300.000 € por vítima. Así mesmo presentará copia do recibo que confirme que se atopa ao corrente do pago da devandita póliza.
- Documentación actualizada dos vehículos e condutores respectivos. Isto inclúe desde ITV, seguro obrigatorio dos vehículos, contratos dos condutores, documento acreditativo de alta na seguridade social ou no Réxime de traballadores autónomos ou calquera outra que sexa requirida polo Concello de Cambre.
- Certificado emitido por un técnico colegiado do cumprimento das medidas de seguridade, estabilidade estrutural e solidez das carrozas (plataformas e decorados artísticos) e todos os elementos

fornecidos; e acreditar documentalmente a resposta ao lume e á auga dos materiais utilizados na súa construción.

- O/os boletín/s da instalación eléctrica de todas as carrozas.
- O documento de marcado CE dos xeradores de subministración eléctrica e o documento acreditativo da súa revisión actualizado e da súa manipulación por persoal cualificado.
- Documentación acreditativa das medidas de seguridade adoptadas:
 - documentación actualizada dos extintores de cada carroza e indicación da persoa responsable da súa utilización, no suposto de necesidade;
 - indicación da persoa responsable da evacuación de cada carroza nun suposto de emerxencia;
 - copia do seguro de responsabilidade civil e do xustificante de pago.
- Debido a que o servizo que se pretende contratar implica contacto habitual con menores, correspondente Certificado negativo do Rexistro Central de delincentes sexuais de todo o persoal que estará presente durante o evento.
- Contratos, altas na seguridade social ou outro réxime de todo o persoal de animación así como os documentos que acrediten a titulación e experiencia esixidas en cada caso.

Igualmente, con carácter previo á formalización, o responsable do contrato emitirá informe respecto da documentación presentada, podendo requirir calquera outro documento que considere axeitado, co fin de garantir a maior seguridade posible e reducir ao mínimo os riscos existentes.

Sétimo: Designar responsable do contrato a don José Luís Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e educativas, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de contratos do sector público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato que se designe polo órgano de contratación e ao departamento de Intervención municipal, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º.- Prórroga á anualidade 2022 do contrato subscrito coa entidade “Jardincelas, S.L.” para a prestación do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre”. Expediente núm. 2021/C004/000002

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2021/C004/000002, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un, adjudicou o “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre”, a prol da entidade “Jardincelas, S.L.”, con NIF B155*****, e enderezo no Lugar de Peiro de Arriba, 16 – 15189 Culleredo (A Coruña), nos prezos unitarios ofertados que se relacionan de seguido, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, unha vez xustificada suficientemente a súa oferta inicialmente incursa en presunción de ser anormalmente baixa, segundo informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal con data do 8 de xuño de 2021 ratificado pola Mesa de Contratación o día 10 de xuño seguinte.

EMPRESA	Prezo unitario metro lineal dobre gabia en traballos mecanizados	Puntos	Prezo unitario metro lineal dobre gabia en traballos tipo manual	Puntos	Prezo unitario por metro cuadrado de fincas	Puntos	Sistema de xestión medioambiental	Puntos	PUNTUACIÓN TOTAL
Construcciones Cernadas SL	0,1891	44,95	0,6545	5,35	0,0480	18,75	ISO 14001	10	79,05
Jardincelas SL	0,1700	50,00	0,3500	10,00	0,0300	30,00	ISO 14001	10	100
José Carlos Mallo Ares	0,1791	47,44	0,6155	5,69	0,0460	19,57	-	0	72,69
Servitec Medioambiente SL	0,1800	47,22	0,6100	5,74	0,0480	18,75	ISO 14001	10	81,71

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adjudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse, ademais de nos prezos unitarios ofertados, nos certificados de sistemas de xestión medioambiental co que conta a entidade”.

Visto que o segundo parágrafo da cláusula IV do contrato formalizado ao efecto, establece: “De conformidade coa cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares, e epígrafe 6 do Cadro de Características, e de conformidade co establecido na cláusula 19 do Pregro de Prescricións Técnicas Particulares, a duración do contrato comezará a contar a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo, e executarase durante a anualidade 2021, podendo prorrogarse á anualidade 2022, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao ano 2021”.

Visto que na acta de recepción asinada no día de hoxe, 27 de decembro de 2021, por don Manuel Barbeito Uzal, como representante da empresa adxudicataria e por don Óscar Souto Muiño, enxeñeiro municipal de camiños, canles e portos, xefe da sección de Servizos, como responsable do contrato propónse unha prórroga do servizo para a anualidade 2022.

Vistos os informes favorables emitidos pola secretaria accidental con data de 27 de decembro de 2021 e polo interventor municipal con data de 29 de decembro de 2021.

Tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Prorrogar á anualidade 2022, e nos seus mesmos termos, o contrato relativo ao “*Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das vías de titularidade municipal e fincas do Concello de Cambre*” (expediente TEDeC 2021/C004/000002) subscrito coa entidade “Jardincelas, S.L.”, con NIF B15538135, e enderezo no Lugar de Peiro de Arriba, 16 – 15189 Culleredo (A Coruña).

Segundo: Notificar o presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar ao responsable do contrato e á intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5º.- Prórroga á anualidade 2022 do contrato subscrito coa entidade "Jardinería Arce, S.L." para o "Servizo de acondicionamento da contorna do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e Augas de Galicia, anualidades 2021 a 2023". Expediente: 2021/C004/000008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 29 de decembro de 2021, que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que no expediente nº 2021/C004/000008, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día seis de xullo de dous mil vinte e un, adoptou o acordo no que se adxudica á entidade “Jardinería Arce, S.L.” o

contrato para o “Servizo de acondicionamento do contorno do Rio Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia”, anualidades 2021 a 2023”, na porcentaxe de baixa media ofertada do 1% a aplicar a todos e cada un dos prezos unitarios do presente contrato incluídos no Anexo II do Prego de prescricións Técnicas Particulares, e na porcentaxe para a contratación de control de calidade dun 4,00% sobre o orzamento de execución material do servizo, asinándose o correspondente contrato con data 28/07/2021.

Vista a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas e de conformidade co establecido nos artigos 3 , 8 y 22 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, onde se establece que a duración do contrato comenará a contar a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo, e executarase durante a anualidade 2021, podendo prorrogarse anualmente ás anualidades 2022 e 2023, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo dun mes a partir da data na que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes á anualidade correspondente 2021 e/ou 2022, executándose os traballos comprendidos no contrato de conformidade co Plan ou programa de realización dos traballos que se determine. En calquera caso, e tal e como se establece no art. 29 do PPT, as diferentes actuacións contempladas no contrato levaranse a cabo sen superar os prazos seguintes para as distintas anualidades:

- Anualidade 2021 : 15 de novembro de 2021
- Anualidade 2022 : 15 de novembro de 2022
- Anualidade 2023 : 15 de novembro de 2023.

Visto a acta de recepción dos traballos realizados na anualidade de 2021 emitida con data 14 de decembro de 2021 polo enxeñeiro de Camiños municipal - xefe da área de Servizos e responsable do contrato, na que consta que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes á anualidade 2021 con arreglo ás prescricións técnicas e administrativas previstas e propónse a prórroga do contrato á anualidade 2022.

Tendo en conta o informe emitido pola secretaria accidental de data 20 decembro de 2021 e mailo informe emitido polo Interventor Municipal de data do 29 de decembro de 2021.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente (epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego), así como co establecido nos artigos 3 , 8 y 22 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014),

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar á anualidade 2022, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Jardinería Arce, SL”, con NIF B15547979 e en enderezo en rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado, 15011 (A Coruña), para o “Servizo de acondicionamento do contorno do Rio Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e “Augas de Galicia”, anualidades 2021 a 2023”.

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións



públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar aos departamentos municipais de Servizos e Intervención municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López